

A pegada ecolóxica dos desprazamentos e viaxes na UDC (CURSO 2022-2023)

AVANCE

Cunhas emisións medias de 831 kg CO₂/persoa e ano, a UDC rexistra 17.955 t CO₂ anuais e unha pegada ecolóxica de 2.864 ha de bosque galego.

O presente estudo da pegada ecolóxica (PE) da mobilidade da UDC foi realizado en novembro de 2022. Obtívose unha PE media de 831 kg CO₂/persoa e ano, mentres as emisións totais acadaron a cantidade de 17.955 t CO₂ (curso 2022-2023). O resultado desta campaña indica unha redución total e per cápita das emisións do 21% con respecto a abril de 2022, o que pode deberse en parte a unha menor intensidade na asistencia a universidade, ou á diferente participación na enquisa, que nesta ocasión acadou as 779 respostas fronte 625 da medición anterior. A redución foi máis forte no estudantado, para o que se rexistrou un 27% de redución. Os resultados preliminares tamén indican un maior uso do autobús e do tren, quizás debido á redución das tarifas no tren e bus tras o verán, caendo lixeiramente o uso do coche de combustión (mais que segue a ser o principal modo de transporte na mostra da enquisa).

A PE variou desde os 717 kg CO₂/persoa e ano para o estudantado até os 1925 kg CO₂/persoa e ano para o PAS¹, situándose nunha posición intermedia para PEC² e PDI³. O factor de emisión do estudantado é claramente inferior ao do persoal. Así, aínda que este colectivo achega o 74% da PE total, o maior potencial de redución fica na man dos colectivos de persoal. Por zonas dos campus, obtívose unha PE claramente inferior á media na Zapateira, e tamén en Oza, Maestranza e Oleiros, se ben o número de respostas nestas zonas foi moi reducido. Pola contra, Riazor, Elviña e sobre todo Ferrol, mostraron valores superiores á media. Por xénero, o valor global é moi similar aínda que algo maior para os homes (5%).

Por centros, só 6 centros superaron as 40 respostas ao cuestionario (as facultades de Informática, Ciencias, Ciencias da Educación, Economía e Empresa, a ETS de Arquitectura, e as facultades de Filoloxía e Turismo) e rexistraron valores medios no rango de 600 a 1300 kg CO₂/persoa e ano. No resto dos centros, o número de respostas non permite considerar como fiable o resultado asignado, se ben contribúen a definir o valor medio por zonas do campus e o de toda a universidade.

A continuación preséntanse varias táboas con valores medios por colectivo, xénero, ou zona do campus (obtidos directamente das estatísticas facilitada polo mapa online OMA-Emapic, de acceso libre), así como os valores totais da pega ecolóxica, ponderada en función dos pesos relativos de cada colectivo universitario. A enquisa de mobilidade, como se pode consultar no informe da edición anterior, permite obter moita máis información, en particular relativa á frecuencia de viaxes e modos de transporte, que será analizada nun informe posterior.

A enquisa e os resultados rexistrados no mapa pódense consultar en:

<https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc>

¹ Persoal de Administración e Servizos

² Persoal Investigador e persoal Externo Contratado

³ Persoal Docente e Investigador

DATOS DA CAMPAÑA

Respostas recibidas na enquisa OMA-Emapic de pegada ecolóxica por mobilidade na UDC, por colectivo e zona dos campus da UDC (nº de respostas)

Zona campus	Total	Estudantes	PAS	PDI	PEC/INV	Mulleres	Homes	Non binario
Elviña	372	192	68	85	27	179	188	5
A Zapateira	188	124	14	45	5	109	73	6
Ferrol	120	64	26	26	4	65	55	0
Oza	34	26	4	4	0	25	9	0
Riazor	24	13	2	7	2	8	16	0
Maestranza	20	0	19	1	0	14	6	0
Oleiros	21	11	1	9	0	3	17	1
Total UDC	779	430	134	177	38	403	364	12

Pegada ecolóxica media por colectivo e zona dos campus da UDC (kg CO₂/ano)

Zona campus	Total	Estudantes	PAS	PDI	PEC/INV	Mulleres	Homes
Elviña	1219	730	2332	1196	1958	1132	1307
A Zapateira	723	611	930	964	731	782	550
Ferrol	1612	1119	2600	1612	3099	1647	1571
Oza	624	430	735	1769	-	766	226
Riazor	1150	526	<----- 1888 ----->			725	1363
Maestranza	635	-	635	-	-	595	728
Oleiros	482	255	<----- 732 ----->			764	404
Total UDC	1097	717	1925	1236	1819	1068	1119

Xénero non binario: total 12 respostas, PE media 1375 (kg CO₂/ano)

Pegada ecolóxica nos centros cun maior número de respostas (total e para o colectivo de estudantes)

	Total		Estudantes	
	Nº	PE (kg CO ₂ /ano)	Nº	PE (kg CO ₂ /ano)
Facultade de Informática (Elviña)	79	1201	50	805
Facultade de Ciencias (Zapateira)	70	715	37	610
Facultade de Ciencias da Educación (Elviña)	60	783	41	610
Facultade de Economía e Empresa (Elviña)	48	1278	29	1217
Escola Técnica Superior de Arquitectura (Zapateira)	42	895	31	666
Facultade de Filoloxía e Fac. Turismo (Zapateira)	41	597	26	463
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (Zapateira)	34	698	29	708
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (Elviña)	33	1064	17	427
Facultade de Dereito (Elviña)	29	560	17	417
Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) (Elviña)	26	1381	0	-
Facultade de Socioloxía (Elviña)	26	911	17	354
Reitorado (Maestranza)	20	635	0	-
EPS+EPEF (Esteiro)	29	1376	19	1665
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Bastiagueiro, inclúe Complexo Deportivo)	21	482	11	255

Comunidade universitaria e emisións totais asociadas á súa mobilidade no curso 2022-2023 na UDC

Colectivo	Persoas curso 2022-2023	Respostas		Emisións de CO ₂		
		(nº)	%	kg/persoa·ano	t / ano	% s/total
Estudiante	18616	430	2,3	717	13348	74,3
PAS	899	134	14,9	1925	1731	9,6
PDI	1624	177	10,9	1236	2007	11,2
PEC/INV	478	38	7,9	1819	869	4,8
Total	21617	779	3,6	831	17955	100,0

Número de respostas rexistradas par acada centro da UDC

Centro	Nº respostas
Escola infantil (Elviña)	0
Estadio Universitario (Elviña)	0
Hortas urbanas (Elviña)	0
Pista de tenis (Elviña)	0
Pista polideportiva exterior (Elviña)	0
Casa do Lagar (Elviña)	1
Pabellón de Deportes (Elviña)	2
Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós (CITIC) (Elviña)	6
Edificio Área Científica (Elviña)	6
Pabellón de Estudiantes (Elviña)	8
Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) (Elviña)	10
Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) (Elviña)	12
Facultade de Ciencias da Comunicación (Elviña)	12
Edificio Xoana Capdevielle (Elviña)	14
Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) (Elviña)	26
Facultade de Socioloxía (Elviña)	26
Facultade de Dereito (Elviña)	29
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (Elviña)	33
Facultade de Economía e Empresa (Elviña)	48
Facultade de Ciencias da Educación (Elviña)	60
Facultade de Informática (Elviña)	79
Salón de Actos e Despachos (Esteiro)	0
Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) 2 (Esteiro)	1
Centro Cultural Universitario (Esteiro)	2
Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) (Esteiro)	2
Casa do Patín. Biblioteca Universitaria (Esteiro)	3
Escola Universitaria Politécnica (Serantes)	3
Clínica Universitaria de Podoloxía (Leixa)	4
Edificio de Usos Administrativos (Esteiro)	4

Vicerreitorado Ferrol (Esteiro)	4
Facultade de Ciencias do Traballo (Esteiro)	5
Facultade de Enfermaría e Podoloxía (Esteiro)	5
Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (Esteiro)	10
Escola Universitaria de Deseño Industrial (Esteiro)	12
Edificio de Apoio ao Estudio (Esteiro)	14
Facultade de Humanidades e Documentación (Esteiro)	16
Talleres Tecnolóxicos (Esteiro)	16
Escola Politécnica Superior (Esteiro)	19
Aula Náutica (Maestranza)	0
Reitorado (Maestranza)	20
Pazo de Lóngora (IUMA) (Oleiros)	0
Complexo Deportivo - Fac. de CC. do Deporte e a Educación Física (Bastiagueiro)	3
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Bastiagueiro)	18
Comedor Universitario (Oza)	0
Edificio O Fortín (Oza)	0
Edificio Pabellón Modernista (Oza)	1
Instituto de Investigación Biomédica (Oza)	2
Escola Universitaria de Enfermaría (Oza)	5
Facultade de Ciencias da Saúde (Oza)	11
Facultade de Fisioterapia (Oza)	15
Centro Universitario (Riazor)	0
Escola Universitaria de Turismo (Riazor)	0
Pabellón Deportivo (Riazor)	0
Escola Universitaria de Relacións Laborais (Riazor)	2
Normal - Espazo de Intervención Cultural (Riazor)	7
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (Riazor)	15
Casa do Francés (Zapateira)	0
CUAC FM (Zapateira)	0
Edificio Departamentos Facultade de Filoloxía (Zapateira)	0
Edificio Instalacións Deportivas (Zapateira)	0
Unidade Mixta de Investigación sobre Aplicación da Madeira (Zapateira)	1
Edificio de Departamentos ETSA (Zapateira)	2
Facultade de Turismo (Zapateira)	3
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (Zapateira)	34
Facultade de Filoloxía (Zapateira)	38
Escola Técnica Superior de Arquitectura (Zapateira)	40
Facultade de Ciencias (Zapateira)	70
TOTAL	779